2018/19

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA INGLÉS- 5º NIVEL

CEIP A MAÍA

## ÍNDICE:


| | |
|---|---|
| a) Introducción e contextualización. | Pax. 3, 4 |
| b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave | Pax. 5 |
| c) Relación de estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competenciais. | Paxs. 6, 7…24 |
| d) Concreción de obxectivos por curso. | Pax. 25, 26 |
| e) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable:<br>I. Temporalización<br>II. Grao mínimo de consecución para superar a materia<br>III. Procedementos e instrumentos de avaliación | Pax. 27, 28…31 |
| f) Concrecións metodolóxicas da materia. | Pax. 32, 33 |
| g) Materiais e recursos didácticos. | Pax. 34 |
| h) Criterios de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados. | Pax. 35, 36 |
| i) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente. | Pax. 37, 38…40 |
| l) Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados. | Pax. 41, 42 |
| m) Medidas de atención á diversidade. | Pax. 43 |
| n) Actividades complementarias e extraescolares do nivel. | Pax. 43 |
| o) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora. | Pax. 44 |

# INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Citando a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) no punto XII do preámbulo: "O dominio dunha segunda lingua, ou mesmo unha terceira lingua estranxeiras converteuse nunha prioridade na educación como consecuencia do proceso de globalización en que vivimos, á vez que se mostra como unha das principais carencias do noso sistema educativo. A Unión Europea fixa o fomento do plurilingüismo como un obxectivo irrenunciable para a construción dun proxecto europeo. A Lei apoia decididamente o plurilingüismo, redobrando os esforzos para conseguir que os estudantes se desenvolvan con fluidez polo menos nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita resulta decisivo para favorecer a empleabilidad e as ambicións profesionais".

A lingua é o instrumento por excelencia da aprendizaxe e a comunicación. Tanto as linguas primeiras como as linguas estranxeiras forman parte na actualidade, e cada vez farano máis no futuro, da bagaxe vital das persoas nun mundo en continua expansión no que, á vez, as relacións entre individuos, países, organismos e corporacións fanse máis frecuentes e máis estreitas.Por todo isto, faise necesario o uso efectivo de linguas estranxeiras, ofrecendo necesariamente unha visión aberta e positiva na mellora das relacións cos demais.

Con todos estes antecedentes resulta imprescindible, por tanto, un ensino do idioma centrada na comunicación e que a aula de inglés sexa un espazo onde predominen actividades relacionadas ou que simulen experiencias que o alumnado poida afrontar na vida real.

Na realidade do alumno é difícil atopar oportunidades de manter contacto coa lingua estranxeira; por tanto, a maioría das veces vai ser a aula de lingua inglesa a única contorna onde poida percibir e facer uso da lingua inglesa e da súa cultura. Por iso é polo que sexa necesario o ofrecer cantas máis oportunidades de exposición á lingua e cultura inglesas que se poida, xa que redundará no desenvolvemento da competencia comunicativa nese idioma.

A área de Lingua Estranxeira: Inglés traballa as catro destrezas comunicativas básicas:

- comprensión oral,
- comprensión escrita,

- produción oral,
- produción escrita.

Estas destrezas básicas organizáronse en dous bloques de contidos:

- Compresión oral e escrita
- Produción oral e escrita

Isto supón que, para cada unha das tarefas comunicativas listadas e descritas nos estándares, haberá de incorporarse o conxunto dos contidos recolleitos para cada bloque de actividade respectivo.

Os contidos necesarios para alcanzar os estándares de aprendizaxe na lingua estranxeira inglés son considerados como contidos competenciais: é todo aquilo que o alumnado debe saber e saber utilizar e saber incorporar ao seu perfil. Estes, xunto ao resto de elementos do currículo, axudarán ao alumno para desenvolver a capacidade de aprender a aprender unha vez que coñecen os obxectivos ou resultados pretendidos, que teñen que facer como falantes da lingua inglesa para alcanzar eses obxectivos e indicando as estratexias que poden aplicar para conseguilo.

Cada un destes bloques presta atención aos criterios de avaliación e nos estándares específicos da linguaxe oral e os específicos da linguaxe escrita.

Da mesma maneira, para avaliar o grao de adquisición de cada un dos estándares de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, haberán de aplicarse todos e cada un dos criterios de avaliación recolleitos e descritos para a actividade correspondente.

Ao finalizar a etapa de Educación Primaria, os alumnos e alumnas alcanzarán un nivel aproximado ao A1 de acordo ao Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, posto que serán capaces de comprender palabras, frases sinxelas e as ideas básicas dunha mensaxe simple e curta; entenderán e seguirán instrucións interactuando no idioma, dando información persoal e transmitindo ideas sobre eles mesmos ou da súa contorna próxima a través de enunciados orais ou escritos.

## CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, o decreto 126/2014, do 28 de febreiro polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares.

As competencias enténdense como un «saber facer» en calquera contexto académico, social e profesional. a aprendizaxe por competencias favorece o proceso de aprendizaxe e a motivación por aprender, xa que o concepto se aprende de forma conxunta ao procedemento para aprender este concepto.

O alumno debe desenvolver competencias ao longo da educación obrigatoria, desde Primaria a Secundaria. Tales competencias axúdano a

alcanzar o seu potencial, converterse en cidadán activo, desenvolverse con éxito na súa vida adulta e capacitalo para gozar dunha aprendizaxe continua.

Todas e cada unha das áreas do currículo fomentan a adquisición e desenvolvemento destas competencias. Por iso, ao traballar as distintas áreas, é posible alcanzar eses Obxectivos. Non se cinguen a unha materia ou nivel específico. Algúns dos factores imprescindibles para o éxito son: o modo no que se organizan ou xestionan os centros, o estilo de ensinanza, o modo no que interactúan elementos ou figuras clave da comunidade educativa e a dispoñibilidade de actividades extracurriculares e complementarias.

A LOMCE adopta a denominación das competencias clave definidas pola Unión Europea:

CL - Comunicación lingüística.

CMCT - Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

CD - Competencia dixital.

AA - Aprender a aprender.

CSC - Competencias sociais e cívicas.

SIEE - Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

CEC - Conciencia e expresións culturais.

## RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA (INGLÉS) QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

Co fin de graduar o rendemento ou logro alcanzado polo alumno e a alumna ao longo da etapa de Educación Primaria o currículo establece concrecións dos criterios de avaliación. Estas concrecións son os chamados estándares de aprendizaxe, que permiten definir os resultados das aprendizaxes e concretan mediante accións o que o alumnado debe saber e saber facer en cada materia.

Os estándares de aprendizaxe deben ser observables, medibles e avaliables, e xunto cos criterios de avaliación, deben ser os referentes para a avaliación de competencias e obxectivos nas avaliacións continua e final desta materia. Por iso, os estándares de aprendizaxe curriculares están establecidos para o conxunto da etapa de Educación Primaria.

Como se observa na redacción dos estándares de aprendizaxe, estes están intimamente relacionados co desenvolvemento da competencia lingüística, de tal forma que pode utilizarse para a comprobación do nivel concreto de logro ou grao de adquisición das competencias e obxectivos en cada un dos cursos.

Desta forma a **relación entre estándares de avaliación e competencias** nesta materia e curso establécese da seguinte forma nesta programación (**ver cadro xunto, páxina 7**):

| |
|---|
| CL: Comunicación lingüística, CM: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, CD: Competencia dixital, AA: Aprender a aprender, CS: Competencias sociais e cívicas, SI: Sentido de iniciativa e espíritu emprendedor, CC: Conciencia e expresións culturais. |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | QUINTO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CCB** | **Grao Min. de Consecución para superar a materia** | **Ponderación 20%** | **Temporalización E.Aprendizaxe** | | | **Instrumentos de Avaliación** |
| **BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS** | | | | | | | **1ª** | **2ª** | **3ª** | |
| b<br>f | B1.1. Estratexias de comprensión:<br>Uso do contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos para a formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar, sobre o tema ou a situación, transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.<br>Identificación da tipoloxía de textos emitidos en diferentes situacións de comunicación (rima, canción, exposición, descrición, diálogo...), adaptando a comprensión ao mesmo.<br>Interpretación das ideas principais expresadas en mensaxes orais de progresiva complexidade, como instrucións ou explicacións e interaccións orais ou gravacións en soporte audiovisual e informático para extraer información global ou dalgún detalle concreto.<br>Repetición, memorización comprensiva e observación de modelos para a adquisición do léxico, rutinas e expresións cotiás da lingua estranxeira.<br>Identificación de informacións específicas en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de | B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe.<br>B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información mais importante do texto.<br>B1.3. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa. | PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet. | CCL | CL1.4. Comprende globalmente e extrae información específica de situacións curtas e sinxelas coa visualización repetida do documento audiovisual | 5% | X | X | X | Observación sistemática<br>Proba específica (Speaking) |
| | | | PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que conten con apoio visual en soporte papel ou dixital. | CCL | CL1.2. Capta o sentido global en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación | 3% | X | X | X | Observación sistemática<br>Activity Book |
| | | | PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. | CCL<br>CD<br>CAA | CL1.3. Identifica informacións específicas en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación.<br><br>CD2. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para contrastar e comprobar información. | 4% | X | X | X | Activity Book<br>Observación sistemática |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | QUINTO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CCB** | **Grao Min. de Consecución para superar a materia** | **Ponderación 20%** | **Temporalización E.Aprendizaxe** | | | **Instrumentos de Avaliación** |
| | comunicación.<br>Seguimento verbal e non verbal de mensaxes orais de progresiva complexidade en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.<br>Desenvolvemento de actitudes e estratexias de cooperación e respecto en situacións de aprendizaxe compartida que faciliten interaccións orais en grupo para a realización de tarefas na aula.<br>B1.2. Patróns sonoros, rítmicos, de entoación e acentuación básica: identificación progresiva de aspectos fonéticos, do ritmo, da entoación e da acentuación básica da lingua estranxeira como aspectos fundamentais para a comprensión de breves textos orais. | | PLEB1.4. Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper. | CCL<br>CSC | CL1.1. Escoita e entende secuencias de instrucións ou direccións sinxelas, dadas polo profesorado ou un medio mecánico.<br><br>CL1.5. Escoita e discrimina sons. | 5% | X | X | X | Proba específica (Listening) |
| | | | PLEB1.5. Amosa interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación. | CCL<br>CSC | SC4. Identifica algúns costumes de países onde se fala a lingua estranxeira.<br><br>SC3. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas e mostra curiosidade e interese cara as persoas que falan a lingua estranxeira. | 3% | X | X | X | Activity Book |

| **ÁREA** | **PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA** | | **CURSO** | **QUINTO** | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CCB** | **Grao Min. de Consecución para superar a materia** | **Ponderación 20%** | **Temporalización E.Aprendizaxe** | | | **Instrumentos de Avaliación** |
| **BLOQUE 2. PRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS** | | | | | | | 1ª | 2ª | 3ª | |
| b<br>c<br>i | B2.1. Estratexias de produción:<br><br>Planificación:<br>Concibir a mensaxe con claridade e practicala varias veces, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.<br>Iniciarse na adecuación do texto á persoa destinataria, contexto e canle, aplicando a estrutura de discurso adecuados a cada caso.<br>Execución:<br>Expresarse oralmente en situacións reais ou simuladas con progresiva autonomía, eficacia e complexidade das expresións utilizadas.<br>Apoiarse nos coñecementos previos, sobre o tema ou a situación transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira, para participar activamente en situacións funcionais, previamente preparadas e ensaiadas, de comunicación adecuadas á idade do alumnado e aos seus intereses.<br><br>Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais (xestos, expresións faciais, | B2.1. Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas dos seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases feitas de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then/but).<br><br>B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.<br><br>B2.3. Valorar a lingua estranxeiras como instrumento de comunicación<br><br>B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario. | PLEB2.1. Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas de comunicación, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles. | CCL | CL2.1. Fai un uso axeitado da pronunciación, ritmo, entoación e acentuación en diferentes contextos.<br><br>CL2.2. Participa en representacións sinxelas. | 2% | X | X | X | Observación sistemática |
| | | | PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás habituais. | CSC | SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitar e mirar a quen fala, respectando o turno de palabra. | 2% | | | | Observación sistemáica |
| | | | PLEB2.3. Amosa unha actitude de esoita atenta. | CCL<br>CSC | CL3.2. Mantén conversacións cotiás e familiares sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.<br><br>SC1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas<br><br>SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitar e mirar a quen fala, respectando o turno de palabra. | 2% | X | X | X | Observación sistemática<br>Probas específicas<br>(Speaking) |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | QUINTO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CCB** | **Grao Min. de Consecución para superar a materia** | **Ponderación 20%** | **Temporalización E.Aprendizaxe** | | | **Instrumentos de Avaliación** |
| | posturas, contacto visual ou corporal).<br>Recoñecer e usar léxico, formas e estruturas básicas orais coñecidas e propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente traballadas.<br>Manter conversas cotiás e familiares sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.<br>Participar en interaccións orais en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais que esixan elección entre un repertorio limitado de posibilidades, en contextos progresivamente menos dirixidos.<br>Producir textos orais cotiáns de índole diversa tendo en conta tanto elementos lingüísticos como extralingüísticos, dicindo ou lendo en voz alta para toda a clase textos breves de realización propia.<br><br>Participar activamente en intercambios lingüísticos orais breves, previamente traballados en grupo, para expresar as necesidades de comunicación máis inmediatas.<br>Empregar a lingua | | PLEB2.4. Produce textos orais propios, sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas, dramatizacións) utilizando distintos soportes multimedia. | CCL<br>CD<br>CSC | CL2.3. Pode organizar as súas breves exposicións, dicindo ou lendo en voz alta para toda a clase textos breves de realización propia.<br><br>CEC4. Participa na elaboración de composicións grupais empregando diferentes recursos expresivos musicais e/ou escénicos. | 4% | X | X | X | |
| | | | PLEB2.5. Recorda as ideas principais dun texto escoitado e fai un resumo breve sobre o mesmo. | CCL | CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa. | 3% | X | X | X | Activity Book<br>Notebook |
| | | | PLEB2.6. Manifesta interese e respecto polas opinións do seus compañeiros/as. | CCL<br>CSC | CL3.2. Mantén conversacións cotiás e familiares sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.<br><br>SC1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predecibles. | 3% | X | X | X | Observación sistemática<br>Proba específica<br>(Speaking) |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | QUINTO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CCB | Grao Min. de Consecución para superar a materia | Ponderación 20% | Temporalización E.Aprendizaxe | | | Instrumentos de Avaliación |
| | estranxeira en situacións variadas de comunicación.<br>B2.2. Patróns sonoros, rítmicos, de entoación e de acentuación básica:<br>Uso progresivo das normas que regulan a interacción oral.<br>Pronuncia comprensible, ritmo, entoación e acentuación adecuados, tanto na interacción e expresión oral como na recitación, dramatización ou lectura en voz alta.<br>Dominio progresivo de aspectos fonéticos básicos, de ritmo e entoación para a produción de textos breves orais, a través do xogo e da expresión corporal e musical. | | PLEB2.7. Reciñese a diversidade lingüística da súa contorna como elemento enriquecedor. | CCL | SC3. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas e mostra curiosidade e interese cara as persoas que falan a lingua estranxeira. | 2% | X | X | X | Observación sistemática |
| | | | PLEB2.8. Comeza a utilizar correctamente e progresivamente aspectos fonéticos básicos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais comprensibles. | CCL<br>CAA | AA2. Usa algunhas estratexias de tipo receptivo ou interactivo para resolver problemas de comunicación. | 2% | X | X | X | Activity Book<br>Notebook |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | QUINTO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CCB** | **Grao Min. de Consecución para superar a materia** | **Ponderación 20%** | **Temporalización E.Aprendizaxe** | | | **Instrumentos de Avaliación** |
| **BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS** | | | | | | | 1ª | 2ª | 3ª | |
| b<br>f | B3.1. Estratexias de comprensión:<br>Activación dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema do texto que se vai traballar e formulación de hipóteses sobre o seu contido e contexto.<br>Identificar elementos icónicos, títulos e facer unha primeira anticipación e hipótese sobre o contido de textos escritos breves do seu interese e adaptados á súa idade.<br>Deducir o significado de palabras e expresións non coñecidas de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e co contexto a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións.<br>Recoñecer textos breves, propios ou alleos de situacións cotiás próximas á súa experiencia como invitacións, felicitacións, notas, carteis...<br>Recoñecer o léxico, formas e estruturas breves escritas propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas.<br>Captación da idea global e identificación de elementos específicos en textos escritos situacións cotiás próximas á | B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.<br>B3.2. Recoñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.<br>B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións.<br>B3.4. Recoñecer os signos ortográficos básicos (punto e coma), así como os símbolos frecuentes. | PLEB3.1. Comprende información básica escrita en notas, tendas e medios de transporte, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. | CCL | CL4.1. Capta o sentido global de textos sinxelos.<br><br>CL4.4. Le textos diversos sobre temas de interese. | 4% | X | X | X | Reading |
| | | | PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade. | CCL<br>CD | CL4.2. Localiza información explícita en textos diversos sobre temas de interese. | 2% | X | X | X | Reading |
| | | | PLEB3.4. Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora. | CCL<br>CAA | AA1. Emprega estratexias para aprender a aprender, como empregar dicionarios bilingües e monolingües.<br><br>AA3. Valora a lingua estranxeira como ferramenta de aprendizaxe. | 2% | X | X | X | Activity Book<br>Notebook<br>Proba específica |
| | | | PLB3.5. Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca da aula para a súa lectura autónoma, acordes á súa idade e intereses e respectando as súas normas de funcionamento. | CCL<br>CSIEE | SIEE3. Emprega estratexias sinxelas de planificación e comprobación do traballo realizado.<br><br>CD1. Busca, recopila e organiza información en soporte dixital. | 2% | X | X | X | Activity Book |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | QUINTO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CCB** | **Grao Min. de Consecución para superar a materia** | **Ponderación 20%** | **Temporalización E.Aprendizaxe** | | | **Instrumentos de Avaliación** |
| | experiencia, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.<br>Lectura menos guiada e comprensión de diferentes textos sinxelos, en soporte papel e dixital, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica, no desenvolvemento dunha tarefa, proxecto ou para gozar da lectura.<br>Usar progresivamente o dicionario bilingüe, biblioteca da aula e as tecnoloxías da información e da comunicación para ler (webs infantís e xuvenís, programas multimedia, correo electrónico).<br>B3.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:<br>Recoñecemento dos signos de puntuación elementais.<br>Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións analíticas grafía-son, coñecemento dalgunhas irregularidades específicas propias da lingua estranxeira..<br>Recoñecemento de símbolos de uso frecuente: €, £ @. | | PLB3.6. Formula hipóteses sinxelas a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan e compróbaas. | CCL<br>CAA<br>CSIEE | CD3. Emprega o soporte dixital para a aprendizaxe da lingua estranxeira.<br><br>SIEE1. Busca, recompila e organiza información en diferentes soportes. | 2% | X | X | X | Notebook<br>Activity Book |
| | | | PLEB3.7. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.<br><br>PLEB3.8. Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. | CCL<br>CAA<br><br>CCL<br>CSIEE | CD2. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para contrastar e comprobar información.<br><br>CL4.4. Le textos diversos sobre temas de interese.<br><br>SC3. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas e mostra curiosidade e interese cara as persoas que falan a lingua estranxeira. | 3%<br><br>3%<br><br>2% | X | X | X | Observación directa<br><br>Activity Book<br>Proba específica (Reading)<br><br>Observación directa |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | QUINTO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CCB** | **Grao Min. de Consecución para superar a materia** | **Ponderación 20%** | **Temporalización E.Aprendizaxe** | | | **Instrumentos de Avaliación** |
| **BLOQUE 4. PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS** | | | | | | | **1ª** | **2ª** | **3ª** | |
| b<br>f<br>i | B4.1. Estratexias de produción:<br>Planificación:<br>Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, dramatizacións …<br>Usar, de forma progresivamente autónoma, estratexias básicas de produción de textos (a quén vai dirixido, qué se quere dicir e como se vai organizar a información), así como a elaboración pautada dun borrador ou a revisión do texto para a súa corrección.<br>Usar progresivamente o dicionario bilingüe e outros materiais de consulta en soporte papel ou dixital adecuados á idade do alumnado.<br>Execución:<br>Producir a mensaxe escrita con claridade, utilizando expresións e frases coñecidas, atendendo á persoa destinataria, ao tipo de texto e á finalidade, tanto en soporte papel como dixital.<br><br>Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual e bilingüe do | B4.1. Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.<br>B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.<br>B4.7. Usar ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente, realizar sinxelas presentacións e transmitir información.<br>B4.8. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable. | PLEB4.1. Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral. | CCL | CL5.2. Elabora textos escritos atendendo ao destinatario e á finalidade do texto. | 3% | X | X | X | Notebook<br>Activity Book |
| | | | PLEB4.2. Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas. | CCL | CL5.1. Escribe en lingua estranxeira a partir de modelos traballados previamente. | 3% | X | X | X | Notebook<br>Activity Book |
| | | | PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas, avisos). | CCL | CL5.1. Redacta de forma guiada textos diversos en diferentes soportes, coidando o léxico, as estruturas para facelos comprensibles ó lector. | 3% | X | X | X | Notebook<br>Activity Book |
| | | | PLEB4.4. Amosa interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita. | CCL<br>CD<br>CSC | CD1. Busca, recopila e organiza información en soporte dixital.<br><br>CD2. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para contrastar e comprobar información. | 2% | X | X | X | Observación directa |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | QUINTO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CCB** | **Grao Min. de Consecución para superar a materia** | **Ponderación 20%** | **Temporalización E.Aprendizaxe** | | | **Instrumentos de Avaliación** |
| | alumnado, biblioteca de aula e materias dixitais para reproducir mensaxes escritas sinxelas.<br>Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais e de lectura.<br>Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema e usar algún recurso cohesivo para non repetir palabras.<br>Elaborar informacións en ficheiros, libriños... textos breves escritos afíns aos seus intereses e experiencias, cunha intención comunicativa.<br>Reproducir a forma gráfica certas palabras en situacións comunicativas, sen modelos dados, a través de hipóteses ou tratando de recordar a súa forma.<br>Utilizar a lingua estranxeira en mensaxes escritas como recordatorio visual e para á aprendizaxe de novas palabras e expresións (carteis para identificar os obxectos e os espazos da aula, calendario, normas de xogos, cartafol colectivo...).<br>Usar as tecnoloxías da información e a comunicación para producir textos e presentacións, recompilar e transmitir información. | | PLEB4.6. Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics o descricións de lugares, gustos ou afeccións) | CAA<br>CSIEE | CL5.4. Compón textos utilizando estratexias como a planificación, textualización, revisión e versión final. | 3% | X | X | X | Notebook<br>Proba específica |
| | | | PLEB4.7. Produce textos escritos significativos,en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado (elaboración dunha enquisa, SMS, correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata …). | CCL<br>CAA | CD3. Emprega o soporte dixital para a aprendizaxe da lingua estranxeira. | 2% | X | X | X | Observación directa<br>Activity Book |
| | | | PLEB4.8. Uso do diccionario bilingüe e doutros materiais de consulta para a elaboración de textos. | CCL<br>CAA | AA1. Emprega estratexias para aprender a aprender, como empregar dicionarios bilingües e monolingües. | 1% | X | X | X | Observación directa |
| | | | PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc. | CCL | SIEE3. Emprega estratexias sinxelas de planificación e comprobación do traballo realizado. | 1% | X | X | X | Notebook<br>Activity Book |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | QUINTO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CCB** | **Grao Min. de Consecución para superar a materia** | **Ponderación 20%** | **Temporalización E.Aprendizaxe** | | | **Instrumentos de Avaliación** |
| | B4.2. Patróns gráficos, covencións ortográficas e de puntuación elementais:<br>Uso dos signos de puntuación elementais (interrogación, exclamación).<br>Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións analíticas grafía-son, coñecemento dalgunhas irregularidades específicas propias da lingua estranxeira.<br>Recoñecemento de símbolos de uso frecuente: €, £ @. | | PLEB4.10. Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica. | CCL | CCL1.Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estructuradas e con apoio visual. | 2% | X | X | X | Observación directa |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | QUINTO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CCB** | **Grao Min. de Consecución para superar a materia** | **Ponderación 20%** | **Temporalización E.Aprendizaxe** | | | **Instrumentos de Avaliación** |
| **BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL** | | | | | | | **1ª** | **2ª** | **3ª** | |
| b<br>f | B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, países e comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>Coñecemento dalgunhas similitudes e diferenzas nos costumes cotiáns e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.<br>Actitude positiva sobre a propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira e disposición para superar as dificultades de aprendizaxe.<br>Interese por establecer contactos e comunicarse con falantes da lingua estranxeira ou doutras linguas a través dos medios que nos proporcionan as tecnoloxías da comunicación.<br>Actitude positiva cara a realidade plurilingüe e multicultural da súa contorna.<br><br>B5.2. Funcións comunicativas:<br>Establecemento de relacións | B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes, a unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.<br>B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.<br>B5.3. Amosar interese en participar en actividades individuais, así como respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.<br>B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos menos dirixidos.<br>B5.4. Obter e dar información persoal máis detallada, apariencia física, afeccións… en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.<br>B5.5. Expresarse en tempo presente e pasado simple, afirmativa e negativa, 1ª e 3ª persoa…<br>B5.6. Expresar nocións básicas relativas a accións cotiás, de lecer…<br>B5.7. Expresar e identificar a existencia de seres vivos ou | PLEB5.2. Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura. | CCL<br>CAA<br>CSC | CL3.1. Desenvólvese eficazmente nos temas traballados (vocabulario, estruturas lingüísticas…) | 2% | X | X | X | Activity Book<br>Proba específica |
| | | | PLEB5.2. Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas, respecta as ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo. | CCL<br>CSC | SC1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predecibles. | 1% | X | X | X | Observación directa |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | QUINTO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CCB** | **Grao Min. de Consecución para superar a materia** | **Ponderación 20%** | **Temporalización E.Aprendizaxe** | | | **Instrumentos de Avaliación** |
| | sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.<br>Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais.<br>Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre a procedencia e nacionalidade dun mesmo/a e doutra persoa.<br>Descrición de si mesmo/a.<br>Realización de preguntas e respostas curtas en tempo presente e pasado.<br>Descrición, en primeira persoa en afirmativa e negativa, de accións habituais, actividades diarias, de lecer etc.<br>Descrición, en primeira persoa en afirmativa e negativa, de accións cotiás no pasado.<br>Realización de preguntas e respostas sinxelas en primeira e terceira persoa de singular, para describir accións que se realizan no mesmo instante no que un fala.<br>Expresión de instrucións habituais e indicacións de dirección, en afirmativa e negativa.<br>Realización de preguntas e respostas sinxelas en primeira e terceira persoa de | obxectos.<br>B5.8. Describirse fisicamente, achegando información complementaria, a si mesmo/a ou a outra persoa.<br>B5.9. Expresa e comprende indicacións e ordes.<br>B5.10. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.<br>B5.11. Utiliza as estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores (and, or, then but), pero adecuándoas aos propósitos comunicativos.<br>B5.12. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.<br>B5.13. Mostrar un control dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.<br><br>B5.14. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.<br>B5.15. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas | PLEB5.3. Inicia e remata as interaccións adecuadamente. | CCL<br>CSC | SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitar e mirar quen fala, respectando o turno de palabra. | 1% | X | X | X | Observación directa |
| | | | PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe en distintos contextos. | CCL<br>CAA<br>CSC | CCL1. Participa de xeito activo nas tarefas plantexadas na unidade a traballar. | 2% | X | X | X | Observación directa |
| | | | PLEB5.5. Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación… | CCL<br>CAA<br>CSC | CL4.3. Realiza inferencias directas na comprensión de textos diversos sobre temas de interese.<br>CL4.4. Le textos diversos sobre temas de interese. | 2% | X | X | X | Activity Book |
| | | | B5.6. Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer… | CCL | CCL1.Participa en tarefas diversas, segundo o traballado. | 1% | X | X | X | Activity Book<br>Proba específica |
| | | | PLEB5.7. Describe unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas, entre outras. | CCL<br>CAA | CCL1.Escribe na lingua estranxeira a partir de modelos traballados. | 2% | X | X | X | Activity Book<br>Notebook |
| | | | PLEB5.8. Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións… de si mesmo/a e doutra persoa. | CCL<br>CAA | | | | | | |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | QUINTO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CCB** | **Grao Min. de Consecución para superar a materia** | **Ponderación 20%** | **Temporalización E.Aprendizaxe** | | | **Instrumentos de Avaliación** |
| | singular, para describir accións que se realizan no mesmo instante no que un fala.<br>Expresión de existencia.<br>Realización de preguntas sobre a existencia de algo.<br>Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa en afirmativa e negativa.<br>Expresión da información en afirmativa e negativa e formulación das correspondentes preguntas.<br>Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico, a hora, a data eta.<br>Realización de preguntas e respostas sinxelas indicando a identificación e localización de persoas, de obxectos e de lugares...<br>Realización de preguntas e respostas sinxelas en relación a operacións de compravenda.<br>Formulación de preguntas e respostas sinxelas en relación á cantidade.<br>Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os gustos e preferencias.<br>Realización de preguntas e respostas sobre a habilidade.<br>Expresión de habilidades e capacidades en afirmativo e negativo. | habituais e concretos relacionados coas súas experiencias.<br>B5.16. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividades…).<br>B5.17. Indagar a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identificar semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos. | PLEB5.9. Expresa e distingue as indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións dentro e fóra da aula. | CCL<br>CAA | CL1.2. Participa en contextos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación | 1% | X | X | X | |
| | | | PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información. | CCL<br>CAA | SC1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles | 1% | X | X | X | Activity Book<br>Notebook |
| | | | PLEB5.11. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos. | CCL | SIEE. Busca, recompila e organiza información en diferentes soportes. | 1% | X | X | X | Observación directa |
| | | | PLEB5.12. Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula. | CCL | AA3. Valora a lingua estranxeira como ferramenta de aprendizaxe. | 1% | X | X | X | Activity Book<br>Notebook |
| | | | PLEB5.13. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente. | CCL<br>CAA | CL2.3. Participa en representaciones sencillas. | 2% | X | X | X | Observación directa |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | QUINTO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CCB** | **Grao Min. de Consecución para superar a materia** | **Ponderación 20%** | **Temporalización E.Aprendizaxe** | | | **Instrumentos de Avaliación** |
| | Formulación de preguntas e respostas sobre a vestimenta.<br>Descrición de persoas, plantas e animais.<br>Expresión de desexos.<br>Formulación de preguntas sobre o desexo.<br>Expresión de instrucións.<br>Preguntas e respostas sobre petición e ofrecemento de axuda.<br>B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas:<br>Saúdos, agradecementos, despedidas... (Hi, See you, How are you? I´m fine, thanks…).<br>Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, estado de ánimo, comida favorita... (What's your name?,My name is, How old are you?, I'm, I´m (bored), What´s your favourite (sport)? My favourite (sport) is..., (What´s his/her favourite (subjectt)?His/her favourite (subject) is..., When is your birthday? My birthday is on (August 2nd)...).<br>Expresión de sorpresa, agrado... (What fun!; How nice!...).<br>Preguntas e respostas sinxelas sobre a procedencia e nacionalidade dun mesmo/a e doutra persoa | | PLEB5.14. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas. | CCL<br>CAA | AA1. Emprega estratexias para aprender a aprender, como empregar dicionarios bilingües e monolingües. | 1% | X | X | X | Observación directa<br>Activity Book<br>Notebook |
| | | | PLEB5.15. Establece similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima. | CCL<br>CAA | SC3. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas e mostra curiosidade e interese cara as persoas que falan a lingua estranxeira. | 1% | X | X | X | Observación directa |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | QUINTO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CCB** | **Grao Min. de Consecución para superar a materia** | **Ponderación 20%** | **Temporalización E.Aprendizaxe** | **Instrumentos de Avaliación** |
| | (Where are you from?, I´m from..., Are you from...? Yes, I am/No, I am not, Is he/she from...? Yes he/she is/No, he/she isn´t..., Are you (Portuguese)? Yes, I´m/No, I am not)).<br>Preguntas e respostas curtas en tempo presente e pasado (Are you...?, Yes, I am/No, I´m not, Is he/she...? Yes, he/she is/No, he/she isn´t, Were you...?, Yes,I was/No, I wasn´t, Was he/she...? Yes, he/she was/No, he/she wasn´t).<br>Expresión de posesión en primeira e terceira persoa e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa.<br>Descrición dun mesmo/a (I´ve got (blue eyes) and (dark hair, I´m (a nurse)).<br>Preguntas e respostas curtas, en primeira e terceira persoa de singular, sobre actividades diarias, de lecer etc. (Do you (play tennis)?, Yes, I do / No, I don´t).<br>Descrición, en primeira persoa en afirmativa e negativa, de accións cotiás no pasado (I (played) computer games yesterday, I didnt´play...).<br>Descrición, en primeira persoa en afirmativa e negativa, de accións habituais, actividades diarias, de lecer etc. (I (have | | | | | | | |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | QUINTO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CCB** | **Grao Min. de Consecución para superar a materia** | **Ponderación 20%** | **Temporalización E.Aprendizaxe** | | | **Instrumentos de Avaliación** |
| | lunch((at half past eight), I (listen to music),I don´t...). Preguntas e respostas sinxelas en primeira e terceira persoa de singular, para describir accións que se realizan no mesmo instante no que un fala (What are you doing?, I´m (playing), What is he doing?, She´s/he´s (speaking)). Expresión de instrucións habituais e indicacións de direccións, en afirmativa e negativa (Fold (the paper, turn (on the left)). Expresión de existencia (There is a (library) / There are lots of (parks) / There isn´t / There aren´t...). Preguntas e respostas sobre a existencia de algo (Is there a (cinema)?, Yes there is, No there, isn´t, Are there lots of (gyms)?, Yes there are, No, there aren´t). Expresión da información (I´ve/I haven´t got (English) on (Friday)...). Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses, o tempo atmosférico, as horas e as datas (What date is it today?...). Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where´s is it?, It´s in/on/under/next to). Expresión de cantidade: contar desde 1 a 1000. e 1st (1st), twenty-fifth (25th)… | | PLEB5.17. Valorar as linguas como instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas. | CCL CSC | SC4. Identifica algúns costumes de países onde se fala a lingua estranxeira. | 1% | X | X | X | Observación directa |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | QUINTO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CCB** | **Grao Min. de Consecución para superar a materia** | **Ponderación 20%** | **Temporalización E.Aprendizaxe** | **Instrumentos de Avaliación** |
| | Preguntas e respostas sinxelas sobre o prezo (How much is it?, It´s (one) pound and (fifty) cents).<br>Preguntas e respostas sinxelas sobre a cantidade de obxectos o persoas (How many… are there?).<br>Preguntas e respostas sobre o gusto en primeira persoa (Do you like (cheese)?, Yes, I do/ No, I don´t).<br>Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (salad), I don´t like (chips)).<br>Realización de preguntas e respostas sobre habilidades (Can you (swim)?, Yes, I can;, No I can´t).<br>Expresión de habilidades en afirmativo e negativo (I can (play the piano), I can´t (play the trumpet).<br>Identificación das pezas de roupa (I´m wearing, he/she´s wearing).<br>Preguntas e respostas sobre a vestimenta (What´s she/he wearing?, Who´s wearing (shoes)?).<br>Expresión de desexos (I want to (make a cake).<br>Preguntas sobre o desexo (Do you want to (play basketball?)).<br>Realización de preguntas e respostas curtas (What´s this?, It´s…).<br>Preguntas e respostas sobre petición e axuda (Can I have | | | | | | | |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | QUINTO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Obx.** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **CCB** | **Grao Min. de Consecución para superar a materia** | **Ponderación 20%** | **Temporalización E.Aprendizaxe** | **Instrumentos de Avaliación** |
| | (pasta), please?).<br>B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción) relativo a posesións persoais, cores, números cardinais ata o 1000 e ordinais ata dous díxitos, preposicións, días da semana, roupa, materiais escolares, a hora, roupa, adxectivos para describir persoas, lugares e obxectos, países, nacionalidades, continentes, profesións, partes do corpo e a cara, deportes, equipamento deportivo, actividades ao aire libre e de lecer, instrucións habituais e indicacións de dirección, lugares da cidade, medios de transporte, comida, moedas, estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, estacións do ano, accións, instrumentos musicais, materiais, animais, membros da familia, partes do corpo e da cara, e partes da casa. | | | | | | | |

## CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS PARA 5º DE E.PRIMARIA

Os obxectivos o alumnado debe desenvolver son os seguintes:

- Desenvolver a escoita e a comprensión oral por medio de historietas e cancións contextualizadas en situacións comunicativas de diversos ámbitos e adecuadas á súa idade. (Comunicación lingüística)

- Desenvolver interese pola aprendizaxe dunha lingua estranxeira. (Comunicación lingüística)

- Comprender mensaxes orais en situacións habituais de comunicación e responder aos mesmos.

- Ler e obter información xeral e específica de textos breves e sinxelos. (Comunicación lingüística).

- Utilizar estratexias asociadas á lectura como fonte de información e de pracer. (Aprender a aprender)

- Identificar e reproducir de forma inteligible e significativa aspectos dá entoación, do ritmo, dá pronuncia e dá acentuación característicos dá lingua estranxeira. (Comunicación lingüística)

- Coñecer e utilizar o vocabulario relativo a situacións comunicativas da súa contorna e de temas relacionados co seu propio interese, experiencias e necesidades. (Comunicación lingüística, Aprender a aprender).

- Iniciarse na expresión oral a partir de estruturas lingüísticas básicas e adecuadas á idade.(Comunicación lingüística, Aprender a aprender)

- Elaborar textos escritos sinxelos, comprensibles e breves coas estruturas lingüísticas básicas. (Comunicación lingüística)

- Aproximarse aos costumes e aspectos culturais doutros países para descubrir e ampliar os seus coñecementos adoptando unha actitude de respecto e comprensión

cara

á diversidade das manifestacións culturais. (Competencias sociais e cívicas)

- Tomar conciencia da propia aprendizaxe e reflexionar sobre posibles estratexias para emprender novas aprendizaxes. (Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)

- Valorar a importancia de coñecer e saberse expresar noutras linguas para fomentar as relacións entre persoas de diversos países. (Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)

- Apreciar o valor da lingua estranxeira como medio de comunicación, mostrando curiosidade e respecto cara aos seus falantes e cara á súa cultura. (Sentido de iniciativa e espírito emprendedor)

- Reflexionar sobre os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas. (Competencias sociais e cívicas)

- Coñecer e interpretar expresións matemáticas como o sistema numérico, os símbolos... na vida cotiá da nosa realidade. (Competencia matemática, Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía)

- Comprender sucesos e expresar ideas en base ás audicións relacionadas coa comida, os animais... (Competencia lingüística)

# CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE:

## I- Temporalización

A temporalización proposta para os distintos cursos nesta programación didáctica é flexible e adaptarase ó perfil do grupo-clase, pois pode ser utilizada de maneira simultánea con alumnos/as que presenten dificultades na aprendizaxe de idiomas, así como con aqueles que posúan coñecementos un pouco máis avanzados. Asimesmo, é adaptable ós propios gustos e iniciativas do profesor/a e os seus alumnos/as, e a propia evolución do curso.

| UNIDADE | Nº aprox. sesións | Temporalización aprox. (50 min. por sesión) | AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|
| REVISION | 7 | 50' | 1ª |
| UNIT:0 Let's Start | 7 | 50' | 1ª |
| UNIT1: Water Sports | 7 | 50' | 1ª |
| UNIT 2: Funny clothes | 7 | 50' | 1ª |
| REVISION: Smileys Magazine | 7 | 50' | 1ª |
| SPECIAL DAY: Happy New Year | 2 | 50' | 1ª |
| | | | |
| UNIT 3: A great zoo | 7 | 50' | 2ª |
| UNIT 4: Sorry, Miss! | 7 | 50' | 2ª |
| REVISION: Smileys Magazine | 7 | 50' | 2ª |
| SPECIAL DAY: St Patrick's Day | 3 | 50' | 2ª |
| SPECIAL DAY: Easter around the world! | 3 | 50' | 2ª |
| | | | |
| UNIT 5: A funny day | 7 | 50' | 3ª |
| UNIT 6: Special Days | 7 | 50' | 3ª |
| REVISION: Smileys Magazine | 7 | 50' | 3ª |
| SPECIAL DAY: May Day | 3 | 50' | 3ª |

A temporalización dos estándares están incluída na táboa das páxinas **6 ata á 24**.

## II- Grao mínimo de consecución para superar a materia

a) O alumnado deberá superar satisfactoriamente o **50% dos estándares** básicos de apredizaxe para obter unha cualificación positiva.

b) Para a cualificacion final terase en conta así mesmo:

-Traballo na aula: a participacion, o bo comportamento, unha actitude positiva na clase, interese por aprender…na realizacion das tarefasa nivel individual, en parella ou en gran grupo; asistencia a clase, traer o material escolar, respeto aos demais…

-Traballo na casa: presentacion das tarefas na libreta, nos cadernos de apoio á aprendizaxe do idioma (Activity Book), proxectos, redacions e actividades en xeral pedidas polo profesor/a ao longo do curso.

c) A cualificacion final será a nota media dos apartados a) + b)

**III- Procedementos e instrumentos de avaliación**

Facendo referencia aos instrumentos e aos procedementos de avaliación, un dos instrumentos máis importantes para a avaliación do alumnado, é a observación directa a través de todas as unidades que será rexistrada no diario de clase. A avaliación debe ser formativa polo que todas aquelas accións levadas a cabo polos alumnos e alumnas serán tidas en conta.

Doutra banda, tamén se usarán diferentes instrumentos tales como:

- Intercambios orais: entrevistas, cuestionarios, exposicións.
- Análise da produción do alumnado: tanto escrita como oral, así como a revisión dos seus cadernos.
- Probas obxectivas: nas que se incluirá contidos referentes a gramática, vocabulario ou funcións da linguaxe.

-A sesión final tamén se dedicará a actividades de avaliación onde se comprobará o nivel de adquisición dos contidos propostos na unidade. As actividades serán similares ás desenvolvidas durante a unidade.

(Ver táboa páxina seguinte)

# PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A cualificación do alumno/a estará relacionada co grao de adquisición das competencias, a través de todas as actividades que se leven a cabo.

| INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN | |
|---|---|---|
| **Observación Sistemática: (15%)** | **Participación e seguimento das clases**:<br>- Comportamento, actitude, esforzo e interese por aprender<br>-- Traer o material necesario á clase. | **7%** |
| | **Traballo autónomo:**<br>- Caderno de clase/ Activity Book/ Grammar Booklet: orde, limpeza na presentación das tarefas. Caligrafía, ortografía, vocabulario… | **8%** |
| **Comprensión e expresión oral e escrita (Listening and Writing) (15%)** | -Grao de participación na clase nas distintas destrezas: Listening, Reading, Writing, and Speaking<br>-Presentación dos traballos a nivel oral e escrito. | **9%** |
| | **Actividades TIC**<br>- Uso e desenvolvemento co ordenador: libro dixital, búsqueda de información… | **6%** |
| **Produccións e intercambios orais e de forma escrita (Speaking and Reading) (15%)** | -Grao de participación nos intercambios lingüísticos<br>-Exposición das tarefas: vocabulario axeitado, pronunciación, expresión, etc | **15%** |
| **Probas específicas (orais e escritas) (50%)** | - Valoración dos contidos: test das unidades traballadas<br>- Test adaptado ao alumnado con ACS | **50%** |
| **Traballo cooperativo (5%)** | - Grao de comunicación e interacción cos compañeiros/as. | **5%** |

# CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR QUINTO CURSO

***Contidos mínimos esixibles para quinto curso***

- .Identificar e utilizar o vocabulario relacionado con: actividades e deportes, roupa e normas, animais e adxectivos para describilos, lugares, edificios e adxectivos, adxectivos para describir as persoas, sentimentos, meses e números ordinais, celebracións , comidas e bebidas, direccións...
- .Comprensión e seguimiento das imaxes, dos diálogos, das historietas, dos textos... que escoitan.
- .Utilizar as estructuras traballadas nas distintas unidades, tales como: Betty is *sailing. I can skip really well. There are two jumpers. You must be quiet in the class. Can I chew gum in the class? My friend is stronger than me. The cheetah is the fastest animal in the world! What were you like when you were little? Were Liam and Lilly at the funfair on Monday? Yesterday, I played tennis. Did Liam and Lilly go to the zoo yesterday? I'm going to buy some mushrooms. We need a lot of flour…*
- .Describir accións que ocurren no momento.
- .Falar sobre habilidades. Uso do verbo auxiliar *can*.
- .Facer suxerencias e pedir permiso.
- .Falar e escribir acerca das normas da aula e colexio.
- .Comparar animais, persoas e cousas.
- .Describir animais.
- .Expresar sentimentos.
- .Falar sobre accións pasadas.
- .Falar e escribir acerca de plans e intencións.
- .Práctica do presente continuo.
- .Identificación dos adverbios de modo.
- .Uso das estructuras comparativas: *as ... as* // …-er than // more…than
- Recoñecemento dos superlativos: the…-est // the most…
- .Práctica do pasado simple.
- .Identificación das expresións que indican pasado.
- .Uso do *be going to*.
- .Identificación e práctica das expresións *a lot of/ much/ many/ a few/ a Little.*
- .Identificación dos plurais regulares e irregulares.
- .Práctica de *must/mustn't, can/can't* para expresar permiso e obrigación.
- .Identificación dos ordinais.
- .Interpretación e invención de pequenos diálogos sobre unha historia.
- .Audición e pronunciación dos sons das letras e grupos «w», «wh, «ch», «sh», «ow», «oy», «b», «v», «sk», «sn», «sp».
- .Audición e reproducción de cancións.
- .Práctica da expresión oral.
- .Reflexión sobre o propio proceso de aprendizaxe.
- .Uso dos recursos dispoñibles ao seu alcance (internet, biblioteca escolar…) como medio de aproximación á literatura.
- . Observación das diferencias entre a lingua oral e a escrita.
- Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema da lingua.

## Criterios de avaliación mínimos esixibles para quinto curso

- .Participar activamente en actividades orais e xogos colectivos.
- .Usar correctamente o vocabulario das unidades traballadas en situacións e temas concretos relacionados cos seus propios intereses.
- .Comprender con axuda de imaxes diversas historias breves e sinxelas.
- .Comprender textos breves e sinxelos adecuados a súa idade.
- .Practicar as estructuras básicas das unidades traballadas para producir ou repetir diálogos breves e sinxelos.
- .Reproducir correctamente *Sounds Spot*, cancións, *chants*...

.Participar activamente nos traballos en grupo, proxectos, etc.

- .Coñecer e aplicar as estructuras gramaticais traballadas: presente continuo, pronomes obxecto, o verbo auxiliar *can*, os adverbios de modo, os plurais, *must/mustn't, can/can't,* comparacións, superlativos, *was/were, there was/there were*, pasado simple, expresións de tempo, conectores (and, or, but, then), *be going to, a lot of/much/many/ a few/a little.*
- . Explicar e comprender o sentido global de textos adecuados a súa idade: experiencias e preferencias persoais, descripción de persoas, lugares e obxectos...
- .Ler distintos tipos de texto, adecuados a súa idade, comprensivamente, mantendo a pronunciación, entonación e o ritmo adecuados, extraendo o sentido global e identificando tamén dalgúns detalles concretos, e sendo capaz de expresalo nas súas respostas, preguntas orais ou escritas.
- .Redactar e completar descripcións, noticias, diálogos e correos electrónicos..., amosando interese e atendendo á corrección ortográfica, ao uso dun vocabulario adecuado e variado e á corrección gramatical.
- .Extraer información sobre varios temas en textos de procedencia diversa e ampliala mediante o uso das TIC ou calquera outro medio.

# CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, activa e participativa, dirixida ao logro dos obxectivos, especialmente naqueles aspectos máis directamente relacionados coas competencias crave. A acción educativa terá en conta a integración das distintas experiencias e aprendizaxe do alumnado, tomando como referente os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender en por si e promovendo o traballo en equipo. En calquera caso o punto de partida do proceso de ensinanza aprendizaxe baséase nos seguintes principios metodolóxicos:

Partir do nivel de desenrolo do alumnado e das súas aprendizaxes previas co fin de planificar os procedementos e as estratexias de aprendizaxe que necesita consolidar.

Asegurar a construcción de aprendizaxes significativas a través da movilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
Posibilitar que os alumnos e alumnas realicen aprendizaxes significativas por sí mesmos.

Favorecer situacións nas que os alumnos e alumnas deban actualizar os seus coñecementos.

Proporcionar situacións de aprendizaxe resulten motivadoras e de interese para os mesmos/as.

Será necesario adaptar o método e recursos as necesidades e ritmos da aprendizaxe de cada alumno e alumna (atención á diversidad), polo que se planificarán medidas educativas adaptadas a las necesidades específicas que presentan os alumnos e alumnasna materia, tendo en conta as diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais, étnicas, de inmigración e de saúde do alumnado.

Con esta metodoloxía preténdese conseguir que o alumnado utilice a lingua para producir e comprender textos nos contextos reais que se lle presenten. Por iso, a metodoloxía máis idónea será aquel conxunto de prácticas de aprendizaxe, ensino e avaliación que mellor contribúa a que o alumnado: adquira as diversas competencias implicadas na comunicación: estratéxicas, socioculturais, funcionais e lingüísticas (sintáctico-discursivas, léxicas, fonético-

fonológicas e ortográficas). Desenvolva a capacidade de poñer todas esas competencias en práctica de

maneira conxunta para producir e procesar textos orais e escritos adecuados aos contextos de actuación.

A práctica docente non se entendería se o profesorado non utilizase a lingua inglesa desde o primeiro momento, é dicir as clases deben impartirse en inglés. Será a través do uso da mesma cando o alumnado senta a necesidade de utilizar a lingua na aula . A partir de aí o docente deseñará tarefas e proxectos comunicativos tendo en conta os elementos do currículo e as necesidades do alumnado. O profesor/a asumirá o rol de orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado, deseñando actividades que estes deban resolver, facendo un uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores; así mesmo, terase en conta a atención á diversidad e o respeto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo. Procurarase que nas sesións en Inglés se faga un uso activo da linguaxe.

# MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os recursos didácticos son un elemento importante para o desenvolvemento da programación didáctica porque constitúen o elemento de ligazón entre o profesor, os alumnos e as alumnas e os contidos. Usar unha gran variedade de materiais que consigan coincidir cos intereses e necesidades do alumnado teñen como finalidade captar a súa atención e que sexan significativos para eles.

A relación dos diversos materiais e recursos didácticos a utilizar co alumnado son os seguintes:

- Libro de texto dixital (editorial EDEBE)e recursos on line:
- Activity Book
- Vocabulary and Grammar Practice

- Recursos on-line:
  - Páxinas web interacticas e didáctica onde buscar actividades preparadas, como sitio de consulta ou xogos educativos on-line.
  - Contos interactivos
  - Películas en youtube diversas, de aprendizaxe cultural e de reforzo educativo.
  - Recursos educativos (Internet).

- Ordenador (tablet).

- Pizarra dixital: mediante este recurso poderanse practicar todas as destrezas, a parte da competencia dixital.

- Materiais impresos: worksheets con diferentes actividades para practicar a linguaxe presentada, revistas, cómics, libros..., para traballar a destreza de reading e writing.

- Materiais audiovisuais: utilizaranse diferentes vídeos, cancións, gravacións ou materiais gravados para cada contido a traballar.

- Para traballar a pronuncia practicaranse trabalinguas, cancións, rimas e linguaxe de aula. Tamén se desenvolverán habilidades fonolóxicas, onde se inclúe: repetir palabras ao presentar palabras novas, escoitar sílabas (cando se aplaude ao ritmo dunha rima ou un chant), segmentar e ordenar fonemas, e combinar fonemas, é dicir, memorizar unha secuencia de fonemas e pronuncialos de maneira fluída conxuntamente, por exemplo, ao practicar palabras ou frases nas actividades orais e de representación.

- Flashcards: serán presentadas para que ilustren o vocabulario crave e sirvan de apoio para a aprendizaxe do alumnado, así como, para presentar ou repasar vocabulario.

### TEMPORALIZACIÓN

A temporalización dos estándares están incluída na táboa das páxinas **6 ata á 24**.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMANDO

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continúa e global e terá en conta o seu progreso na área.

### A) CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os **Criterios de avaliación** son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias; responden ao que se pretende conseguir en cada materia.

Estes criterios aparecen detallados no **apartado 3 deste documento**. Estes criterios de avaliación concrétanse a través dos estándares de **aprendizaxe**, que permiten definir os resultados de aprendizaxe, e que especifican os coñecementos que o alumno/a debe alcanzar en cada caso.

## B) TIPOS DE AVALIACIÓN

- **Avaliación inicial:** Realizarase a principio de curso no mes de setembro, o que permitirá adoptar e tomar as medidas pertinentes de reforzo e de recuperación.

- **Avaliación continua (formativa):** A avaliación continua terá un carácter formativo. Ten a finalidade de orientar o profesor/a e axudar ao alumnado nos procesos de ensino e aprendizaxe, e adoptar as decisións que axuden a superar as posibles dificultades atopadas.

- **Avaliación final (sumativa):** Ao final de cada curso pódese realizar esta avaliación co fin de ver os resultados alcanzados polos alumnos e alumnas do grupo e ter en conta as deficiencias presentadas valoralas o vindeiro curso e telas en conta xunto coa avaliación inicial do alumnado. Se as deficiencias presentadas por algún dos alumnos e alumnas é significativa consignarase na acta de avaliación correspondente para o seu estudo polo dpto de Orientación.

- **Realizaranse 3 avaliación correspondentes a cada trimestre escolar:** antes de Nadal, antes de Semana Santa e a final de curso

## C) PROMOCIÓN DO ALUMANDO

- O alumnado deberá superar satisfactoriamente os **24 estándares básicos** de apredizaxe para obter unha avaliación positiva para promocionar o seguinte nivel educativo.

# INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

## Temporalización:

A avaliación debe estar ligada ao proceso educativo, é dicir, que en certa medida debe levar a cabo de forma continua. Con todo, pode haber momentos especialmente indicados para a valoración da marcha do proceso:

1 Antes, durante e despois de cada unidade didáctica.

2 Trimestralmente, aproveitando que dispoñemos dos resultados académicos dos alumnos e alumnas, é un bo momento para a avaliación dalgúns aspectos relacionados coa intervención na aula.

3 Anualmente.

Para a análise da práctica docente hai que ter en conta cinco ámbitos:

1) Motivación por parte do profesor/a cara á aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

2) Planificación da programación didáctica

3) Estrutura e cohesión no proceso de ensino/aprendizaxe

4) Seguimento do proceso de ensino/aprendizaxe

5) Avaliación do proceso.

### 1) MOTIVACIÓN POR PARTE DO PROFESOR HACIA A APRENDIZAXE DOS ALUMNOS E DAS ALUMNAS

| INDICADORES | VALORACIÓN (0–5) | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|
| **Motivación inicial dos alumnos e das alumnas:** | | |
| 1. Presento ao principio de cada sesión un plan de traballo, explicando a súa finalidade. | | |
| 2 .Comento a importancia do tema para as competencias e formación do alumnado. | | |
| 3. Deseño situacións introductorias previas ao tema que se vai a tratar (traballos, lectura) | | |
| 4. Relaciono os temas da materia con acontecementos da actualidade | | |
| **Motivación durante o proceso** | | |
| 5. Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada... | | |
| 6. Dou información dos progresos conseguidos así como das dificultades atopadas. | | |

| | | |
|---|---|---|
| 7. Relaciono con certa asiduidade os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos dos meus alumnos e alumnas. | | |
| 8. Fomento a participación dos alumnos e das alumnas nos debates e argumentos do proceso de ensino | | |
| **Presentación dos contidos** | | |
| 9. Reflexiono si os contidos son os indicados para o alumno e a alumna | | |
| 10. Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (guións, esquemas…) | | |

## 2) PLANIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

| INDICADORES | VALORACIÓN (0–5) | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|
| **Compoñentes da Programación didáctica** | | |
| Teño establecido que a programación didáctica está estruturada por Unidades Didácticas | | |
| Deseño a unidade didáctica baseándome nas competencias básicas que deben de adquirir os alumnos. | | |
| Formulo os obxectivos didácticos de forma que expresan claramente as habilidades que os meus alumnos e alumnas deben conseguir como reflexo e manifestación dá intervención educativa. | | |
| Establezo, de modo explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoevaluación que permiten facer ou seguimento do progreso dos alumnos e alumnas e comprobar o grao en que alcanzan as aprendizaxes. | | |
| **Coordinación docente** | | |
| Adopto estratexias e técnicas programando actividades en función dos obxectivos didácticos, das CC BB, dos distintos tipos de contidos e das características dos alumnos e das alumnas. | | |
| Estou a levar á práctica os acordo de nivel e do outro profesorado de Inglés para avaliar as competencias básicas así como os criterios de avaliación da materia. | | |

## 3) ESTRUTURA E COHESIÓN NO PROCESO ENSINANZA /APRENDIZAXE

| INDICADORES | VALORACIÓN (0–5) | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|
| **Actividades no proceso** | | |
| Deseño actividades que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas. | | |
| Propoño aos meus alumnos actividades variadas (de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de consolidación, de recapitulación, de ampliación e de avaliación). | | |
| Facilito a adquisición de novos contidos a través das diversas metodoloxías (lección maxistral, traballo cooperativo, traballo individual) | | |
| **Estrutura e organización da aula** | | |
| Distribúo o tempo adecuadamente: (breve tempo de exposición e o resto do mesmo para as actividades que os alumnos realizan na clase). | | |

| | | |
|---|---|---|
| Adopto distintos agrupamientos en función do momento, da tarefa para realizar, dos recursos para utilizar... etc, controlando sempre que o adecuado clima de traballo. | | |
| Utilizo recursos didácticos variados ( audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos, favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos. | | |
| **Cohesión co proceso ensinanza/aprendizaxe** | | |
| Comprobo, de diferentes modos, que os alumnos comprenderon a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso,… | | |
| Facilito estratexias de aprendizaxe: como solicitar axuda, como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, dou ánimos e asegúrome a participación de todos… | | |

## 4) SEGUIMENTO DO PROCESO DE ENSINANZA/APRENDIZAXE

| INDICADORES | VALORACIÓN (0–5) | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|
| **Seguimiento del proceso de enseñanza-aprendizaje:** | | |
| Reviso e corrixo frecuentemente os contidos, actividades propostas -dentro e fóra da aula, adecuación dos tempos, agrupamentos e materiais utilizados. | | |
| Proporciono información ao alumno sobre a execución das tarefas e como pode melloralas e, favorezo procesos de autoevaluación e coevaluación. | | |
| En caso de obxectivos insuficientemente alcanzados propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición. | | |
| En caso de obxectivos suficientemente alcanzados, en curto espazo de tempo, propoño novas actividades que faciliten un maior grao de adquisición. | | |
| **Contextualización do proceso** | | |
| Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos, os seus ritmos de aprendizaxes, as posibilidades de atención, o grao de motivación, etc., e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso ensino- aprendizaxe ( motivación, contidos, actividades, ...). | | |
| Coordínome con outros profesionais para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos… | | |
| Adapto o material didáctico e os recursos ás características e necesidades dos alumnos realizando traballos individualizados e diferentes tipos de actividades e exercicios. | | |
| Busco e fomento interaccións entre o profesor e o alumno | | |
| Os alumnos se senten responsables na realización das actividades | | |
| Expoño traballo en grupo para analizar as interaccións entre os alumnos e alumnas. | | |

## 5) AVALIACIÓN DO PROCESO

| INDICADORES | VALORACIÓN (0 – 5) | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|
| **Criterios de avaliación** | | |
| Aplico os criterios de avaliación de acordo coas orientacións da Concreción Curricular | | |
| Cada Unidade didáctica ten claramente establecido os criterios de avaliación | | |
| Utilizo suficientes estándares de aprendizaxe que atendan de maneira equilibrada á avaliación dos diferentes contidos. | | |
| **Instrumentos de avaliación** | | |
| Utilizo sistematicamente instrumentos variados de recollida de información (rexistro de observacións, cartafol do alumno, ficha de seguimento, diario de clase… ) | | |
| Corrixo e explico os traballos e actividades dos alumnos e, dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes. | | |
| Uso estratexias e procedementos de autoevaluación e coevaluación en grupo que favorezan a participación dos alumnos na avaliación. | | |
| Utilizo diferentes técnicas de avaliación en función da diversidade de alumnos/as, das Ou.D., dos contidos... | | |
| Uso diferentes instrumentos de avaliación (probas orais e/ou escritas, portafolios, rúbricas, observación directa..) para coñecer o seu rendemento académico. | | |
| Utilizo diferentes medios para informar a pais, profesores e alumnos (sesións de avaliación, boletín de cualificación, reunións colectiva, entrevistas individuais,...) dos resultados da avaliación. | | |
| Utilizo os resultados de avaliación para modificar os procedementos didácticos que realiza e mellorar a miña | | |
| Realizo diferentes rexistros de observación para realizar a avaliación ( notas no caderno do profesor, ficheiro, rexistro de datos, probas escritas… ) | | |
| **Tipos de avaliación** | | |
| Realizo unha avaliación inicial a principio de curso, para axustar a programación, na que teño en conta o informe final do profesor/a anterior, ou doutros profesores, do Departamento de Orientación. | | |
| Contemplo outros momentos de avaliación inicial: a comezos dun tema, Unidade Didáctica… | | |

# DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Celébranse catro sesións de avaliación de alumnado sendo unha delas a avaliación inicial e as outra tres coinciden con cada un dos trimestres do curso académico.

A avaliación inicial, ao principio do proceso, aportará a información necesaria para adoptar as decisións que millor favorezan a consecución dos obxectivos educativos e o logro das competencias crave.

O carácter continuo da avaliación é consecuencia do concepto de avaliación inicial, evaluación procesual e avaliación final como eslabóns imprescindibles e complementarios; cada avaliación final é tamén unha avaliación inicial que indica donde se poñerán os maiores esforzos no seguinte proceso.

A avaliación ten un carácter continuo e formativo, onde o profesor/a recolle a información de maneira permanente acerca da metodoloxía de ensinanza e a aprendizaxe dos alumnos e alumnas con especial atención o grao de adquisición dos estándares de aprendizaxe avaliables, o que permite constatar os progresos realizados por cada alumno e alumna.

**AVALIACIÓN INICIAL**

Realizarase o comezo de cada curso escolar, nos primeiros días de setembro tendo en conta os informes persoais do curso anterior e que completarán cos resultados obtidos no novo curso e desde onde o alumno e a alumna inicia as novas aprendizaxes.Prestarase especial atención ao nivel de adquisición dos estándares de aprendizaxe avaliables da materia (Inglés) no curso anterior e só aqueles que resulten imprescindibles. A cualificación será de APTO ou NON APTO. O 80% da información da avaliación inicial ven dada dos resultados do curso anterior e tan só o 20% determinaría a información desta proba. A información obtida reflexarase no expediente individualizado do alumno/a en XADE.

A avaliación inicial é o punto referencia para atoma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e para a súa adecuación ás características e coñecementos do alumnado. Así mesmo, adoptaranse as medidas pertinentes de apoio e recuperación para aqueles alumnos e alumnas que o precisen.

## a) DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E CONSECUENCIAS DOS SEUS RESULTADOS

### Exemplo_1

| Estándar de aprendizaxe avaliable | Instrumento de avaliación | Rúbrica /Rango aplicado |
|---|---|---|
| 1.1. Utiliza a lingua oral como forma de comunicación cos demais e expresión. | Observación directa | 1-4 |
| 1.2. Conversar acerca de temas do seu interese: deportes, roupa, normas, animais, lugares e edificios, comida, celebracións... | Observación directa | 1-4 |
| 1.3 Responde a preguntas sinxelas relacionadas coas audicións. | Observación directa | 1-4 |
| 1.4 Interpreta e inventa breves diálogos similares aos das historietas | Observación directa | 1-4 |
| 1.5. Recoñece a entoación axeitada nas oracións. | Observación directa | 1-4 |
| 1.6. Relaciona correctamente as imaxes coas palabras escritas. | Proba escrita | 1-4 |
| 1.7. Diferencia a idea principal das informacións especificas. | Proba escrita | 1-4 |
| 1.8 Usa correctamente as estruturas para describir persoas, animais e cousas. | Proba escrita | 1-4 |
| 1.9. Identifica as palabras do vocabulario que escoita do CD e completa un texto escrito con elas. | Proba escrita | 1-4 |
| 1.10. Planifica e produce textos sinxelos e breves, axeitados á súa idade. | Proba escrita | 1-4 |

## b) RESULTADOS OBTIDOS

Esta avaliación consiste en realizar unha proba oral para ver o grao de comprensión e expresión oral e a proba escrita pretende amosar o grao de comprensión, expresión escrita, así como a capacidade lectora do alumnado.

A nivel xeral, o grao de adquisición dos estándares e aprendizaxe imprescindibles ou básicos é positivo, pero para aqueles alumnos e alumnas que non obtiveran unha cualificación positiva tomaranse as medidas correctoras oportunas, tanto de reforzo educativo como de ACS ou calquera outra que o dpto de Orientación considere oportunas.

Os resultados avaliaranse de acordo os seguintes pasos:

- Con carácter global
- Estándares deficitarios observados no grupo
- Análisis dos resultados e medidas adoptadas
- Descrición das medidas adoptadas
- Valoración da proba e propostas de modificacións

# MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Teranse en conta os seguintes apartados:

• COMPETENCIAS e INTELIXENCIAS MÚLTIPLES: Contémplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, o movemento, a representación plástica, a dramatización...

• PLANS INDIVIDUAIS dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación).

• ACTIVIDADES MULTINIVEL: Posibilita que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións. Por exemplo, o grupo-clase pode estar a traballar o vocabulario relacionado cos animais mentres que varios alumnos poden estar a reforzar estructuras como can, can't, e simultaneamente outros poden estar a traballar a un nivel máis básico a comprensión dun texto. Deste xeito, nunha mesma clase posibilítase traballar a diferentes niveis, segundo as habilidades de cada alumno/a.

## PROGRAMACIÓN DE APOIOS AO ALUMNADO CON *NEAE*

1. Atención individualizada na aula para a realización das actividades propostas.
2. Adaptación das actividades programadas.
3. Atención individualizada dentro e fóra da aula para a realización das actividades adaptadas.
4. Elaboración da Adaptación curricular significativa por NEAE.
5. Elaboración da Adaptación curricular por alta capacidad intelectual.
6. Adaptación do material curricular por incorporación tardía.

# ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades propostas para este curso son as seguintes:

- Actividades organizadas polo centro: magosto, Día da Paz, entroido…
- Actividades de animación á lectura.
- Participación en actividades relativas á cultura anglosaxona: Halloween, Christmas, Bonfire Night...
- Asistencia a obras de teatro en inglés.

- Calquera outra que poida xurdir e de interese para o alumnado.

# MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

| ADECUACIÓN DE LA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA | | RESULTADOS ACADÉMICOS | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| **Preparación da clase e os materiais didácticos** | Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases. | | |
| | Existe unha distribución temporal equilibrada. | | |
| | O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo. | | |
| **Utilización dunha metodoloxía adecuada** | Tivéronse en conta aprendizaxes significativas.<br>Considerouse a interdisciplinariedade (en actividades, tratamento dos contidos, etc.). | | |
| | A metodoloxía empregada fomenta a motivación e o desenrolo das capacidades do alumno/a. | | |
| **Regulación da práctica docente** | Grao de seguimento dos alumnos/as. | | |
| | Validez dos recursos utilizados na clase para as correspondentes aprendizaxes. | | |
| | Os criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado foron consensuados no dpto de Inglés | | |
| **Avaliación das aprendizaxes e información que se da aos alumnos/as e ás familias** | Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e contidos. | | |
| | Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe. | | |
| | Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas. | | |
| | Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer:<br>• Aos alumnos.<br>• Ás familias. | | |
| **Utilización de medidas para a atención á diversidade** | Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe. | | |
| | Ofrecéronse respostas ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe. | | |
| | As medidas e recursos ofrecidos foron suficientes. | | |
| | Aplícanse as medidas extraordinarias recomendadas polo Departamento de Orientación. | | |